



XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR
CURSO 2010-11
DEPORTE DE ORIENTACIÓN
CAMPIONATO PROVINCIAL DE LUGO
Lugo, 23 de marzo de 2011
REGULAMENTO



(NOTA: Para aspectos non contemplados neste Regulamento, será de aplicación o que figure en xeral e específico para as categorías de H/D-14 e H/D-16 no *Regulamento de Liga da A.Ga.C.O.* 2011)

CATEGORÍAS ESCOLARES:

- Infantís Feminino/Masculino (individual): nacidos/as en 1997-98
- Cadetes Feminino/Masculino (individual): nacidos/as en 1995-96

SISTEMA DE COMPETICIÓN:

Realizarase unha carreira a pé por categoría na modalidade individual diurna, de distancia adecuada, con paso obrigatorio polos controis na orde indicada no mapa. O gañador será o corredor que invirta menos tempo en rematar o percorrido correctamente. O sistema de control será por pinza tradicional.

INSCRICIÓN:

As feitas dende os Centros Escolares antes do 11 de marzo, a través do Servizo Provincial do deporte escolar, e remitindo os mesmos ao clube organizador da proba (Club Fluvial de Lugo).

ZONA DE COMPETICIÓN:

Correrase no mapa de Rei Chiquito, nas aforas de Lugo, cúa zona de saída-meta situada no Colexio Galén.

CLASIFICACIÓN:

Establecerase unha clasificación individual para cada categoría masculina e feminina

PREMIOS:

Entregaranse medallas ós tres primeiros clasificados das categorías Infantil e Cadete, nas categorías feminina e masculina.

NORMAS TÉCNICAS:

- É recomendable que o participante leve roupa lixeira, mellor que cubra brazos e pernas.
- A saída será con chamada, sobre hora preasiganada.
- O participante debe levar o mapa coa información dos controis que recolle no momento en que se lle dá a saída.
- O intervalo de saída entre dous corredores consecutivos da mesma categoría será non inferior a 1 minuto.



- Fixarase un tempo máximo de hora e media horas para todos os percorridos. Transcurrido ese tempo, o participante quedará descalificado, e deberá regresar inmediatamente á zona de meta.
- O percorrido será realizado obrigatoriamente na orde indicada, para non ser descalificado. A perda da tarxeta de control ou o non paso por todos os controis tamén será motivo de descalificación.
- Todo corredor que abandone a proba deberá dirixirse ó control de meta e entregar o seu mapa.
- Poderán ser descalificados os corredores que cometan irregularidades antes, durante o despois da proba.
- O corredor debe respectar a propiedade privada e os cultivos. O corredor debe respectar a sinalización da carreira e as balizas-control.
- Todas as persoas que toman parte nunha carreira de orientación deben amosar respecto cara ós outros participantes, organizadores e espectadores.
- Tanto organizadores como competidores están obrigados a respectar o medio natural

NORMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE:

Os corredores participarán nas probas baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.

Lémbrese especialmente que os corredores deben respectar en todo momento as normas de circulación relativas aos peóns. Polo médio do mapa pasa unha carretera de pouco tráfico. Em todo caso, os participantes deben ter moita precaución ó cruzala.

COMITÉ DE COMPETICIÓN:

O Comité de Competición estará formado por tres membros:

- O Director da proba
- O Coordinador do deporte escolar do Club Fluvial de Lugo.
- Un membro do Servicio Provincial do Deporte Escolar.

O Comité de Competición resolverá as posibles reclamacións relativas ó presente Regulamento, segundo as súas normas e as normas vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia (*Regulamento de Liga A.Ga.C.O.* en vigor) para o deporte de orientación.